



Na imaxe central, de esquerda a dereita, a enfermeira Francisca López Prol e o xefe do servizo do Centro de Saúde de A Cuña (Ourense), o doutor José Luis López Álvarez, cunha paciente. Sobre estas liñas, o doutor José Luis Doval Conde, coordinador do "Programa da Muller" e xefe do servizo de Xinecoloxía e Obstetricia do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO).

O "Programa da Muller", que segue reforzándose na provincia, baséase na prevención e na atención dende os centros de saúde

A saúde, nas distintas etapas da vida da muller



ÁNGELES RODRÍGUEZ

Prevención e educación, pero dende unha visión integral da saúde da muller e cunha atención máis próxima. Con esta filosofía nacía hai uns 25 anos nos centros de saúde ourensáns o Programa da Muller. Comezaba a funcionar nos servizos de Atención Primaria da área da capital e nas principais cabeceiras de comarca, para logo ir estendéndose pola provincia. "É o programa máis antigo de atención á muller de Galicia e un dos primeiros de España", resalta o doutor José Luis Doval, que coordinou a súa posta en marcha. "Isto tamén hai que velo no seu contexto, era un momento no que empezaba a desenvolverse o concepto de centro de saúde como tal e no que os médicos de primaria tiñan o espírito de querer facelo e contaban cunha formación na que xa rodaran por xinecoloxía", continúa este doutor, xefe do servizo de Xinecoloxía e Obstetricia do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO).

Era asemade unha etapa "na que se reformou a Atención Primaria, cun deseño de 99 unidades na provincia que, á súa vez, forman parte de 20 servizos, ou sexa, centros grandes que se compoñen de unidades. Primaria empezou entón a ter a súa propia carteira de servizos e dentro dela, un dos programas fortes foi este, con todo o que era levar a atención á muller sana e a actividade de prevención. Creouse dende varios puntos de vista: a anticoncepción, o embarazo, a menopausa e tamén o diagnóstico precoz do cancro xinecolóxico", explica a subdirectora de Procesos sen Ingreso na Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco, Isabel Gómez.

Buscábase "estratificar a asistencia, primeiro no sentido de achegala a onde están as usuarias e, en segundo lugar, en función das necesidades de especialista ou de non especialista. O que eu

plantexei daquela", sinala o doutor Doval, "foi que prestacións como seguir un embarazo de baixo risco, realizar unha prescrición anticonceptiva ou unha citoloxía en mulleres sanas, puidese facerse por parte dos médicos, enfermeiras ou matronas de Atención Primaria, como sucede en toda Europa, Estados Unidos, Canadá...". Desta maneira, di, tamén se "facilita a proximidade. De feito a citoloxía nas zonas nas que se fai na Atención Primaria chega a máis mulleres, que se esas mulleres tiveran que ir ao hospital. Ademais isto permite que as listas de espera queden abertas para aquelas persoas que realmente necesitan ser vistas con rapidez por un especialista".

O programa botaba andar nos centros grandes da cidade de Ourense. "Viuse que ía funcionando e ademais isto foi importante porque xerou moita dinámica de crear protocolos e de facer uniforme a prestación, algo que foi estendéndose despois polo resto de centros grandes", lembra o xefe Xinecoloxía do CHUO.

Actualmente dos 254 médicos de Atención Primaria da provincia, 115 están no Programa da Muller, no que tamén se implica á enfermeira e "á matrona, onde a haxa. Todos os profesionais do programa están coordinados co servizo de Xinecoloxía e coas consultas específicas dos distintos problemas. Trátase de que a paciente viaxe só cando sexa imprescindible", di o doutor Doval, quen tamén resalta "o papel das traballadoras sociais, moitas veces para axudar a captar poboación ou para impartir charlas nos colexios".

O Programa da Muller funciona hoxe nos centros de saúde da capital (A Cuña, Valle Inclán, A Ponte, Novoa Santos, A Carballeira), así como nos de Bande, Celanova (para toda a comarca), Xinzo de Limia-Sarreaus, Allariz, Verín, Trives e Manzaneda, O Carballiño, Coles e Vilamarín. Ademais está en proceso de implantación no Barco (onde a atención se viña prestando no hospital e agora pretende reforzarse nos centros de saúde) e vai a máis na comarca de Ribadavia ao aumentarse o número de médicos e ao "empezar en Castrelo de Miño, así como, en breve,

en Avión e Melón. Tamén estamos iniciándoo na zona de Maceda e, en Verín, estase ampliando o número de médicos e enfermeiras que ofertan", adianta a subdirectora de Procesos sen Ingreso.

As diferentes etapas biolóxicas da muller determinan unhas necesidades e demandas específicas que se plasman neste programa. Cubre unha franxa de idade que vai dos 21 aos 65 anos, o que supón unha poboación de 80.000 mulleres distribuídas por toda a provincia. Ademais da asistencia sanitaria xeral, inclúe a planificación familiar, revisión xinecolóxica básica (cultivo), o diagnóstico precoz do cancro xinecolóxico (citoloxías e ecografías), xunto cos programas do embarazo e da menopausa (controis, parches e tratamento hormonal).

Para o doutor Doval a prevención do cancro é un dos aspectos máis salientables do Programa da Muller. "O diagnóstico precoz só existe no de mama, que xa está organizado pola consellería a través das mamografías, e no de cuello de útero, que é ao que nos referimos no programa. Ao final só se consegue facer citoloxías ao 74-75% da poboación e deberíamos chegar a un 85-87%. Realmente as mulleres que chegan a

ter un cancro invasor de cuello de matriz son aquelas que non se fan dunha forma máis ou menos regular unha citoloxía, por iso temos que tratar de chegar a elas".

No referido á planificación familiar, a valoración e control de anticonceptivos orais, así como o seguimento e control de dispositivos intrauterinos (DIU) faise en todos os servizos, pero a súa inserción e extracción unicamente se realiza nos de A Cuña e Valle Inclán, en Ourense. Por outra banda, o programa de embarazo é seguido por todos os servizos de atención primaria de Ourense (A Cuña-Mariñamansa, Valle Inclán mañá e tarde, Novoa Santos, A Ponte mañá e tarde), A Carballeira e Allariz. No em-

De arriba a abaixo: Isabel Gómez, subdirectora de Procesos sen Ingreso da Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco; e a doutora María Trinidad Gamarra Mondelo, médico do Centro de Saúde de Pontevedra.

barazo normal faise un seguimento médico con analíticas de control, ecografías, detección de problemas e, no seu caso, derivación ao COF (Centro de Orientación Familiar) ou ao servizo de Obstetricia de referencia (embarazos de alto risco ou probas especiais).

Ao mesmo tempo, cando se detecta a mulleres que non son sanas ou que

trou da provincia onde se implantou o programa. "En decembro de 1987 comezamos con el e hoxe está totalmente desenvolvido, pero esperamos seguir evolucionando tecnoloxicamente. Ao longo deste anos xa fomos aumentando a tecnoloxía, por exemplo, vimos desenvolverse a ecografía na atención ao embarazo. Nun principio non tiñamos ecógrafo e había que remitir as pacientes ao único que existía na provincia para a atención á muller. Agora en case todos os servizos hai ecógrafo", recorda o doutor López.

"Cando empezamos tamén se requeriu a rotación dos médicos por servizos específicos como o COF. Hoxe somos centro de referencia para a formación, incluído nese aspecto, e os médicos residentes en medicina familiar e comunitaria xa saen formados porque A Cuña ten moita solera neste programa. De feito, hai profesionais doutros sitios que veñen a formarse aquí". Este médico

"O PROGRAMA DA MULLER" EN OURENSE (DENDE XANEIRO DE 2012 A ABRIL DE 2014)			
Servizo	Consultas	Pacientes distintas consultas	Médicos
Allariz	1.842	1.182	5
Bande	250	231	1
O Barco(*)	1	1	
Carballeira	1.856	1.083	6
Carballiño	1.233	606	5
Celanova	782	415	2
Coles	345	200	4
A Cuña	9.172	3.887	17
Maceda(*)	1	1	
Pobra de Trives	127	79	3
Ribadavia	554	534	7
Verín	2.379	1.459	3
Xinzo de Limia	1.600	992	10
Novoa Santos	3.716	1.504	17
A Ponte mañás	3.252	1.492	16
A Ponte tardes	1.245	697	
Valle Inclán mañás	1.763	1.365	18
Valle Inclán tardes	1.832	955	

Fonte: Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco. (*) O programa está a porse en marcha.

necesitan da atención do especialista, son enviadas ao centro de referencia.

Tras case tres décadas de traxectoria na provincia, a valoración do Programa da Muller é moi positiva. "É certo que ao principio si que notamos dificultades porque as mulleres estaban acostumadas ao xinecólogo e isto custou, pero axudounos moito a confianza que ten a maioría da xente no seu médico de cabeceira, e se el llo sabía explicar e se implicaba, non había problemas. Os facultativos de Primaria que se iniciaron no proxecto din que é dos programas que máis satisfacción lles produce porque o resultado vese moi rápido", indica o doutor Doval. Da mesma opinión é o doutor José Luis López Álvarez, xefe do servizo do Centro de Saúde de A Cuña, con 17 médicos e outras tantas enfermeiras no programa. "Aquí é, sen dúbida, un dos máis recoñecidos pola poboación. Os especialistas teñen listas de espera, pero os médicos de familia e as enfermeiras non, poden atender no mesmo día ou ao día seguinte. E, en concreto, en programas de planeamento familiar ou de diagnóstico precoz do cancro de cuello de útero é fundamental a accesibilidade física, a social e a cultural, polo tanto, que estes servizos estean en Atención Primaria é algo básico".

A Cuña foi un dos primeiros cen-

tros da provincia onde se implantou o programa. "En decembro de 1987 comezamos con el e hoxe está totalmente desenvolvido, pero esperamos seguir evolucionando tecnoloxicamente. Ao longo deste anos xa fomos aumentando a tecnoloxía, por exemplo, vimos desenvolverse a ecografía na atención ao embarazo. Nun principio non tiñamos ecógrafo e había que remitir as pacientes ao único que existía na provincia para a atención á muller. Agora en case todos os servizos hai ecógrafo", recorda o doutor López.

"Cando empezamos tamén se requeriu a rotación dos médicos por servizos específicos como o COF. Hoxe somos centro de referencia para a formación, incluído nese aspecto, e os médicos residentes en medicina familiar e comunitaria xa saen formados porque A Cuña ten moita solera neste programa. De feito, hai profesionais doutros sitios que veñen a formarse aquí". Este médico

tamén incide na parte educativa do programa. "No caso do planeamento familiar e no diagnóstico precoz de cancro xenital feminino, a parte dalgunha conferencia puntual, a educación é individual, en cada consulta, fundamentalmente a cargo do persoal de enfermeira, pero tamén dos médicos". A enfermeira é outra das pezas clave do proxecto. "A parte do que é a axuda nas técnicas e das técnicas propias da enfermeira", apunta Francisca López Prol, enfermeira de A Cuña, "damos moita orientación e educación sanitaria no relativo aos hábitos de vida. O programa comeza na adolescencia e aí trátase a prevención de infeccións de tipo xinecolóxico e a planificación familiar. É moi importante que as adolescentes coñezan as opcións que teñen e como deben coidarse para evitar embarazos ou enfermidades de transmisión sexual. A partir dos 20-23 anos veñen os controis xinecolóxicos, citoloxías e demais. As citoloxías fanse ata os 64 anos, sempre e cando, a muller tivera controis anteriores feitos".

Esta enfermeira relata como, o tempo, neste centro de saúde ourensán o programa foi abrangendo cada vez máis aspectos. "Primeiro facíase unicamente en plan xinecolóxico e citoloxías, pero agora abórdase a saúde da muller nas distintas etapas.

Unha fase que antes non se incluía e agora si é a da menopausa. Aquí influiu moito o traballo da enfermeira porque é unha etapa na vida da muller que depende nunha porcentaxe altísima do tipo de vida que faga esa persoa, dos hábitos, das dietas...". E incide na boa acollida do programa entre as mulleres, en especial nas máis novas. "Cada vez están máis informadas e se ocupan máis da súa saúde, toman unha parte activa nela, algo que antes non sucedía".

O programa funciona ben nos grandes centros, pero tamén nos pequenos. Na comarca de Celanova forman parte del dende hai cinco anos catro profesionais. Actualmente son a doutora María Trinidad Gamarra e a súa enfermeira Mercedes Sánchez no Centro de Saúde de Pontevedra, xunto coa médica Regina Vidal e a enfermeira Amparo Álvarez no de Celanova. Nesta zona viven unhas 8.700 mulleres de entre 15 e 68 anos, se ben desda marxe de idade só 190 están en Pontevedra. "As pacientes están contentas e agradecen bastante non ter que desprazarse a Ourense. Facemos detección precoz de cancro de cervix e tamén exploración mamaria nas mulleres que non están dentro do programa de cribado da Xunta, tamén informamos sobre métodos anticonceptivos e realizase un control da menopausa. Estamos en coordinación co servizo de xinecoloxía e cando detectamos unha patoloxía ou que veñen alterada unha citoloxía, xa derivamos ás pacientes ao especialista", asegura a doutora Gamarra.

Dous días ao mes citan nesta comarca a unha media de 16-20 mulleres. "Quedan fóra do programa as pacientes con sintomatoloxía, por exemplo, con dor pélvica ou sangrado ou con antecedentes patolóxicos ováricos ou uterinos", continúa esta médica. Asemade resalta que o feito de ter este programa en Atención Primaria permite un "seguimento máis completo da muller. Tes máis contacto coas pacientes que un especialista e iso xera máis confianza, algo que se nota moitísimo".

Tras case 30 anos de andaina do programa, "o máis importante agora é ir implicando ás novas formadas de médicos que están saíndo para que asuman que isto é unha parte do seu labor", subliña o doutor José Luis Doval. "Pero tamén temos que seguir transmitíndolle ás mulleres", engade, "que teñan confianza no sistema, porque funciona. Isto permítenos ser máis áxiles na patoloxía xa que o seu médico vai estar atento e se ve algo fóra da normalidade, váina pasar ao especialista e a asistencia vai ser moito máis rápida ao non ter tanta lista de espera de patoloxías banais".